

Movemento natural da poboación

Datos definitivos ano 2023. Datos avance 3º trimestre 2024

Resumo de resultados 14/03/2025

ÍNDICE

Introdución	1
Evolución dos nacementos, defuncións e matrimonios	1
Nacementos	3
Defuncións	4
Matrimonios	6
Datos trimestrais	8
Definicións, fontes e máis información	11

Introdución

A Explotación do movemento natural da poboación proporciona información sobre os principais fenómenos demográficos (nacementos, defuncións e matrimonios) e, xunto coa Explotación dos movementos migratorios, permite estudar a evolución e as características dunha poboación ao longo do tempo. A poboación obxecto de estudo son os nacementos de nais residentes en Galicia, as persoas falecidas con residencia en Galicia e os matrimonios que teñen previsto fixar a súa residencia en Galicia.


Evolución dos nacementos, defuncións e matrimonios

O número de defuncións en Galicia no ano 2023 foi de 32.782, 2.214 menos que no ano 2022. Por outra parte, o número de nacementos continúa o descenso iniciado no ano 2009 e sitúase no ano 2023 en 14.004.

O saldo vexetativo ou crecemento natural da poboación calcúlase como a diferenza entre o número de nacementos producidos nun ano e o número de defuncións. Un saldo vexetativo negativo indica que se produciron máis defuncións que nacementos. Como resultado da diminución das defuncións no último ano, o saldo vexetativo en Galicia pasa de -20.501 no ano 2022 a -18.778 en 2023. Hai máis de 30 anos que Galicia non presenta un saldo vexetativo positivo.

Evolución do número de nacementos, defuncións e do saldo vexetativo. Galicia. 1975-2023

Unidade: Número




Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. ([descarga da táboa](#))

En Galicia, no ano 2023, só 3 dos 313 concellos presenta un saldo vexetativo positivo. Polo que respecta aos concellos das sete grandes cidades galegas, todos eles presentan un saldo negativo.

Saldo vexetativo por concellos. Ano 2023

Unidade: Número



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. ([descarga da táboa](#))

Nacementos

O número de nacementos sitúase en Galicia no ano 2023 en 14.004 , un 3,39 % menos que os rexistrados no ano 2022. O 78,26 % dos nacementos do ano 2023 corresponden a nais con residencia nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Nacementos. Galicia e Provincias


Unidade: Número, porcentaxe

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	Taxa de variación 2022-2023	Distribución provincial
Galicia	19.062	18.445	16.560	15.718	15.247	14.787	14.495	14.004	-3,39	100,00
A Coruña	8.339	7.745	7.132	6.614	6.458	6.318	6.159	6.004	-2,52	42,87
Lugo	2.101	2.082	1.959	1.705	1.679	1.622	1.734	1.705	-1,67	12,18
Ourense	1.781	1.709	1.486	1.469	1.460	1.399	1.341	1.339	-0,15	9,56
Pontevedra	6.841	6.909	5.983	5.930	5.650	5.448	5.261	4.956	-5,80	35,39

Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. ([descarga da táboa](#))

Nacementos por concellos. Ano 2023

Unidade: Número



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. ([descarga da táboa](#))

Os datos dos nacementos segundo a idade da nai constatan o retraso na idade á que as mulleres galegas teñen os seus fillos. Así, no ano 2023 o 79,08 % dos nacementos en Galicia foron de nais de 30 ou máis anos de idade; mentres os nacementos nese grupo de idade representaban hai dez anos o 76,78 %. No ano 2023 os nacementos de nais de 40 e máis anos representan xa o 14,67 % do total de nacementos, fronte ao 8,55 % do ano 2013.

Nacementos segundo o grupo de idade da nai.


Galicia

Unidade: Número, porcentaxe

Idade da nai	2013	2023	Distribución 2013	Distribución 2023
Total	19.727	14.004	100,00	100,00
Menos de 15	4	2	0,02	0,01
15-19	291	171	1,48	1,22
20-24	1.076	765	5,45	5,46
25-29	3.210	1.992	16,27	14,22
30-34	7.206	4.430	36,53	31,63
35-39	6.254	4.590	31,70	32,78
40-44	1.571	1.807	7,96	12,90
45-49	106	228	0,54	1,63
50 e máis	9	19	0,05	0,14

Distribución dos nacementos segundo o grupo de idade da nai. Galicia

Unidade: Porcentaxe



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. ([descarga da táboa](#))

Defuncións

No ano 2023, rexistráronse en Galicia 32.782 defuncións. O 52,96 % das defuncións corresponden a persoas de 85 e máis anos. A análise da distribución das defuncións en cada un dos sexos permite comprobar que nas mulleres as defuncións prodúcense a idades máis avanzadas que no caso dos homes. Non obstante, a meirande parte das defuncións prodúcense en idades cada vez máis tardías; o 54,76 % dos homes que faleceron tiñan 80 e máis anos e no caso das mulleres a porcentaxe que pertencía a ese grupo de idade era o 76,85 %.

Defuncións segundo o sexo e a idade do falecido. Galicia. Ano 2023

Unidade: Número, porcentaxe

Idade	Total	Homes	Mulleres	Distribución Total	Distribución Homes	Distribución Mulleres
Total	32.782	16.332	16.450	100,00	100,00	100,00
45-49	322	213	109	0,98	1,30	0,66
50-54	566	393	173	1,73	2,41	1,05
55-59	906	620	286	2,76	3,80	1,74
60-64	1.420	967	453	4,33	5,92	2,75
65-69	1.720	1.190	530	5,25	7,29	3,22
70-74	2.295	1.526	769	7,00	9,34	4,67
75-79	3.454	2.140	1.314	10,54	13,10	7,99
80-84	4.226	2.323	1.903	12,89	14,22	11,57
>84	17.360	6.621	10.739	52,96	40,54	65,28

Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. ([descarga da táboa](#))


Defuncións segundo a provincia de residencia do falecido. Galicia

Unidade: Número, porcentaxe

Espazo	2023	Distribución Provincial
Galicia	32.782	100,00
A Coruña	13.005	39,67
Lugo	5.082	15,50
Ourense	4.759	14,52
Pontevedra	9.936	30,31

Evolución das defuncións por grupos de idade. Galicia

Unidade: Número


Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Descarga das táboas ([Distribución provincial](#)) ([Defuncións segundo a idade](#))

Matrimonios

No ano 2023, rexistráronse en Galicia 9.028 matrimonios; 212 do mesmo sexo. Por provincias, A Coruña e Pontevedra foron nas que se rexistraron maior número de matrimonios, 3.967 e 3.222 respectivamente, mentres que en Ourense só se alcanzaron os 830 matrimonios no ano 2023.

Matrimonios segundo o tipo de matrimonio. Galicia

Unidade: Número, taxa de variación interanual


	2022	2023	Taxa de variación interanual
Total	9.508	9.028	-5,05
Home e Muller	9.268	8.816	-4,88
Home e Home	115	106	-7,83
Muller e Muller	125	106	-15,20

Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. ([descarga da táboa](#))

Nos matrimonios de diferente sexo pódese comprobar tamén un retraso nas idades ás que os homes e as mulleres se casan. Así en Galicia, no ano 2023 o 84,52 % das mulleres e o 90,54 % dos homes tiñan 30 e máis anos; hai dez anos estas porcentaxes situábanse no 71,32 % e no 82,58 % respectivamente.


Matrimonios de diferente sexo segundo o grupo de idade da esposa. Galicia

Unidade: Porcentaxe



Matrimonios de diferente sexo segundo o grupo de idade do esposo. Galicia


Unidade: Porcentaxe



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. ([descarga da táboa](#))


Matrimonios de diferente sexo segundo o tipo de celebración. Ano 2013

Unidade: Porcentaxe



Matrimonios de diferente sexo segundo o tipo de celebración. Ano 2023

Unidade: Porcentaxe



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. ([descarga da táboa](#))

Datos trimestrais

Defuncións segundo sexo. Datos trimestrais. Galicia


Unidade: Número, porcentaxe

	Defuncións	Homes	Mulleres	Taxa de variación interanual
2023/III	7.443	3.689	3.754	-13,72
2023/IV	8.489	4.166	4.323	-3,64
2024/I	9.267	4.524	4.743	-0,15
2024/II	7.991	3.952	4.039	5,58
2024/III	7.365	3.626	3.739	-1,05

Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2024 datos avance. ([descarga da táboa](#))

Evolución do número defuncións por meses. Galicia. Serie 1998-2024

Unidade: Número



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2024 datos avance. ([descarga da táboa](#))

Nacementos segundo sexo. Datos trimestrais. Galicia


Unidade: Número, porcentaxe

	Nacementos	Homes	Mulleres	Taxa de variación interanual
2023/III	3.590	1.813	1.777	-7,24
2023/IV	3.627	1.867	1.760	-2,84
2024/I	3.318	1.732	1.586	-0,33
2024/II	3.253	1.693	1.560	-5,93
2024/III	3.418	1.779	1.639	-4,79

Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2024 datos avance. ([descarga da táboa](#))

Evolución do número nacementos por meses Galicia. Serie 1998-2024

Unidade: Número



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2024 datos avance. ([descarga da táboa](#))

Matrimonios segundo tipo. Datos trimestrais. Galicia


Unidade: Número, porcentaxe

	Matrimonios	Diferente sexo	Mesmo sexo	Taxa de variación interanual
2023/III	3.528	3.450	78	-7,57
2023/IV	1.774	1.728	46	-7,31
2024/I	1.293	1.245	48	0,62
2024/II	2.514	2.444	70	2,99
2024/III	3.563	3.464	99	0,99

Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2024 datos avance.
([descarga da táboa](#))

Evolución do número matrimonios por meses. Galicia. Serie 1998-2024

Unidade: Número



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2024 datos avance. ([descarga da táboa](#))

Nota: A partir do último trimestre do ano 2019, debido a un cambio na recollida dos datos de matrimonios, cambiouse o criterio da residencia do matrimonio para os datos provisionais ([ver metodoloxía](#)). Os datos de matrimonios do mesmo sexo corresponden aos celebrados a partir do 3 de xullo de 2005, data de entrada en vigor da Lei 13/2005, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio.

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo
- Nacementos segundo idade da nai (grupos quinquenais) e sexo do nacido
- Defuncións segundo idade e sexo
- Matrimonios por meses segundo o tipo de matrimonio
- Matrimonios de diferente sexo segundo a idade dos cónxuxes
- Matrimonios de diferente sexo segundo o tipo de celebración
- Defuncións segundo sexo e idade. Datos trimestrais avance
- Defuncións por meses. Datos trimestrais avance
- Nacementos segundo idade da nai e sexo do nacido. Datos trimestrais avance
- Nacementos por meses. Datos trimestrais avance
- Matrimonios por meses segundo o tipo de matrimonio. Datos trimestrais avance